

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 22/01/2024  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
SONIA OUTÓN CASAL  
PAOLA MARIA MOCHALES  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
CARLOS COIRA LOJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/01/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15-ene-2024, que se aprobou por unanimidade.

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2024/0100**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Rodríguez Estepa solicitando autorización para ocupación de vía pública para a exposición e venda de fotografías nas Festas de San Roque - Festa da Auga 2024, cun expositor de aproximadamente 12 x 2 metros no lugar habitual (Rúa Juan García).

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

**PRP2024/0125**

Vista a proposta do Xestor de Arquivo para destrución de documentación. a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Integraldata Security, S.A. por importe de 3.3000,00€ (1.925,00€ con cargo á partida 132-22799, 1.375,00€ con cargo á partida 920-22799), para o expurgo e destrución de expedientes de multas en materia de tráfico, así como,

determinada documentación que se atopa no sótano -2. Faise constar a autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades concedida o día 13 de decembro de 2023, en relación con este expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0126**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal vertical S-15A de "RUA SEN SAÍDA" nos tres puntos de intersección que corresponden con entradas de rúas sen saída, na zona de Elviño de Arriba e Camiño Monte de Elviño.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

#### **PRP2024/0127**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a habilitar unha zona de parada diante do centro "BATA" na rúa Almirante Fontán, logo de reubicar a praza de minusvalidos hacia atrás e retirar a caravana e autocaravana estacionadas, colocando sinal vertical R-308 de prohibido estacionar, agas usuarios do centro e lenda "De luns a venres os días lectivos e con horario de 8:30 a 9:30 e de 13:30 a 16:30".

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

#### **PRP2024/0128**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de espello paronámico en Figueira, fronte á saída de Mimosa, para mellorar a visibilidade na intersección.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

#### **PRP2024/0130**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que para a mellora do tráfico no entrono do IES Fermín Bouza Brey en Fontecarmoa se leven a cabo as seguintes sinalizacións

-Pintado de amarelo fronte ao cruceiro ao longo da cadena e os pivotes, e na outra marxen dos números 79, 81 e 83, liña amarela a partir do sinal de perigro por escolares ata o camiño de acceso ás vivendas.

- Eliminar a zona pintada de amarelo fronte aos números 86 e 84, xa que nese punto a rúa e bastante ancha e os vehiculos se cruzan perfectamente.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

#### **PRP2024/0131**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Pablo Jueguen García para a renovación da planificación, mantemento, creación de contidos dos perfís oficiais de Facebook e Instagram do Concello, que inclúe tamén a xestión dos contidos da pantalla do quiosco de Arcebispo Lago, por un importe total de 17.424,00€/anuais (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0132**

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L., para difusión a través do Canal Rías Baixas de xestións, proxectos ou obras de interese par aos veciños de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 6.370,65€ (IVE incluído), con cargo á partida 926-22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0133**

Vista a proposta da Área de Comunicación social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario anual conforme ao orzamento presentado por Radio Popular SA - Cadena Cope, por un importe de 4.029,30€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602, que inclúe 395 microespazos a distribuír en tres emisoras (Cope, Rock FM e Cadena 100).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0134**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto en publicidade (micro espazo e cuñas) para a difusión das iniciativas de desenvolvemento local, en Radio Arosa-Cadena Ser durante o 1ª semestre do ano 2024, coa seguinte desagregación:

- Radio Pontevedra, por importe de 7.260,00€(ive engadido), con cargo á partida 926-22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0135**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto publicitario para cuña diaria de publicidade no informativo principal "Hora 14 Arosa" de luns a sabados, na emisora Radio Arosa (Cadena Ser) durante o primeiro semestre de 2024, de conformidade co orzamento presentado por Radio Pontevedra, por un prezo para o semestre de 2.904,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0136**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Capelo García, para o servizo de auditoría, asesoramento

técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso/soporte de software de xestión enerxética para o ano 2024, por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/0139**

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Don José Beleiro Gambino e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a cesión dunha superficie de 6m<sup>2</sup> de parcela situada na entre as rúas do Cristo do Vento e Rua Vento en Cea (REf. catastral 1558406NH2115N), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora da estrada no punto de cruzamento, entre as rúas do Cristo do Vento e rúa Vento.

O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o convenio. A delimitación realizarase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a cualificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Realización dun peche perimetral ao longo da superficie cedida similar ao existente: muro cego de contención.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 6m<sup>2</sup>, así como os compromisos que figuran no mesmo.

Dar conta ao Negociado de Patrimonio (Narciso Boullosa Túñez).

#### **PRP2024/0144**

Dáse conta da sentenza do Xulgado do Social nº4 de Pontevedra, procedemento ordinario 176/2023 demandados Aralia Servicios Sociosanitarios SA, Ferrovial Servicios S.A. e Concello de Vilagarcía de Arousa, na que se desiste polas traballadoras, por acadarse un acordo con Aralia, xa que, se recoñece ás traballadoras as actualizacións salariais dos anos 2022 e 2023, así como as antigüidades reclamadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/0145**

Vista a proposta do Director da Fundación de Deportes, para adquisición e colocación de contadores de auga e enerxía nas instalacións térmicas da Piscina Cuberta Municipal do Complexo Deportivo Municipal de Fontecarmoa, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da empresa Enciman, S.L. por importe de 4.452,92€ (ive engadido) con cargo á partida 342-62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2024/0076**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2023, por un importe total de 4.450,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIONS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACION XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	Nº sesións	DIETAS	
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO	4	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	650,00 €
D. CARLOS COIRA LOJO	4	x 150,00 €	1	x 125,00 €	2	x 50,00 €	825,00 €
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	725,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	4	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	725,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	1	x 50,00 €	175,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	0,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	125,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	2	x 50,00 €	225,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	125,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	125,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	0,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	125,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	3	x 50,00 €	275,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	1	x 50,00 €	175,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	---	x 150,00 €	1	x 125,00 €	1	x 50,00 €	175,00 €
TOTAL							4450,00 €

### PRP2024/0077

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de decembro de 2023, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL	7.700,00 €			

## BENESTAR SOCIAL

### EMPREGO

### PRP2024/0142

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de decembro de 2023, acordou aprobar o orzamento presentado pola Empresa BARBATANA SL para a contratación do alugueiro de dúas rúas da piscina municipal de Caldas de Reis para o desenvolvemento da formación do alumnado da especialidade "Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos

acuáticos naturais", do 2 de xaneiro ao 22 de marzo de 2024, debido á realización de obras na Piscina Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego labora Xove 2023, e tendo en conta que a piscina municipal se vai a volver a abrir parcialmente a partir do 16 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicioc SL, para a contratación do alugueiro de dúas rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do alumnado da especialidade "Socorrismo en espazos acuáticos e Goberno de Embarcacións de Salvamento", do 1 de febreiro ao 22 de marzo de 2024, por un prezo total de 1.656,33 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **PRP2024/0086**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude de aprobación do orzamento e adxudicación do contrato para a realización da seguinte acción: realización, montaxe e edición de videos das últimas edicións de VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO.

#### **1.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.**

A Concellería de Xuventude organiza anualmente a actividade VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO. Estes últimos anos, o concello de Vilagarcía de Arousa ven de configurarse como centro de referencia do mundo editorial, a través da actividade VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO, un ambicioso programa que coloca ao noso municipio no epicentro do mundo da dinamización literaria.

Este programa multidisciplinar e de animación á lectura, centrado nunha serie de actividades destinadas a todas as idades, propón a transformación da nosa cidade, nunha "CIDADE DE LIBRO", portada e contraportada das últimas tendencias literarias; cun contido cultural e educativo no que se traballan distintas estratexias cun mesmo eixe vertebrador: a dinamización do noso patrimonio natural, cultural e humano.

A fin de dar mostrar todo o potencial desta iniciativa, publicitar e seguir convocando autores/as de prestixio internacional, necesitamos editar unha serie de videos recopilatorios que recollan a esencia, dimensión e repercusión do evento.

#### **2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN.**

Carecendo o Concello de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento á seguinte empresa, debido a que ven de colaborar con esta iniciativa a nivel dos medios de comunicación:

DIEGO ALCÁINE TORRES	35466795J
----------------------	-----------

#### **3.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO ELIXIDO:**

En cumprimento do establecido no artigo 118 da lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector público o procedemento pode ser tramitado como expediente de contratación de contrato menor.

#### **4.- ORZAMENTO**

A presente actividade, promovida pola Concellería de Xuventude supón a aprobación por parte da Xunta de Goberno Local dun orzamento total de 847 € (ive engadido), a cargo da partida de Xuventude.

Entidade	Cif	endereço	concepto	importe	PARTIDA
DIEGO ALCAINE TORRES	35466795J	PORTO REY 10,2ºE, 36600 VILAGARCÍA	VIDEORESUMEN CIDADE DE LIBRO 21-23	847	XUVNTUDE

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobación do orzamento total de 847€ (ive engadido), a cargo da 2314-22799..
- 2.-Adxudicacións dos contratos á empresa DIEGO ALCAINE TORRES, por importe de 847,00€.

## **XUVENTUDE**

### **PRP2024/0087**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Fernando Giménez Abalo (33449050R) para a posta en marcha do reloxo situado na fachada do Concello, por un impore total de 484,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2024/0120**

O día 11.01.2024 a Sociedade Galega do medioambiente (SOGAMA) presentou escrito polo que se requiría que entre os meses de xaneiro e febreiro do ano 2024 a entidade local debería remitir a Sogama un certificado mediante o cal acredite a materialización efectiva de varias medidas no seu día comprometidas por parte deste Concello ao solicitar a bonificación do canon de Sogama pola xestión dos residuos urbanos aplicada durante o ano 2023.

Por acordo xa XGL do 13/02/2023 este Concello comprometeuse a cumprir as referidas medidas que consistían en:

- procurar unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular
- trasladar a rebaixa da bonificación do canon ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo
- ter implantado antes do 31/12/2023 a recollida diferenciada da materia orgánica a través da instalación do quinto colector de cor marrón.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) que se cumpriron as medidas comprometidas seguintes:

- Redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular
- Trasladar a rebaixa da bonificación do canon ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.
- A realización dun programa de compostaxe.

## CULTURA

### PRP2024/0108

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para celebrar no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó Salón”, unha serie de concertos, sendo o prezo das entradas de 12 € para adultos, 5 € para menores de 16 anos e gratuíto para desempregados, poñendo así mesmo un abono para o ciclo completo por importe de 25 € e a recadación da venda de entradas para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencia da celebración dos concertos con cargo á partida 334.22608, coa seguinte desagregación:

- Acórdase a sinatura do contrato correspondente coa Empresa New Live Promociones Culturales, S.L., por un importe total de 16.540,70 €:

DIA	CONCERTO	IMPORTE
25-02-2024	ACTUACIÓN JUNO	9.032,65 €
10-03-2024	ACTUACIÓN YOLY SAA	3.273,05 €
28-04-2024	ACTUACIÓN IZARO	4.235,00 €

- Acórdase así mesmo aprobar o orzamento presentado por D. Diego Basadre Barreiro, por un importe de 2.081,20 € correspondente á produción técnica (aluguer de material e persoal técnico) para o citado ciclo de música.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2024/0109

O día 2 de xaneiro de 2024 representouse no Salón de Actos do Auditorio o espectáculo musical infantil OS TRES PORQUIÑOS, pola Empresa EDUCATEATRO PRODUCIÓNS SL.

Este espectáculo tivo un prezo de entrada único de 10€, sendo a recadación obtida para o solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as taxas correspondentes ó uso da citada instalación municipal:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 71,40 €
- Operarios (2): 142,80 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 560,50€

Dar conta ao Departamento de Rendas.

### **PRP2024/0112**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os gastos para a realización da exposición "Bueno carallo bueno" de José Freixanes e Alberto Avendaño que se celebrará na Sala Rivas Briones do 19 de xaneiro ao 25 de febreiro, e que ascenden de acordo cos orzamentos presentados a 2.616,65€, coa seguinte desagregación:

- GALERÍA TRINTA: M<sup>a</sup> Asunción Rodríguez Rodríguez, polos gastos de xestión do transporte da obra, por un importe total de 2.420,00 €, con cargo á partida 334.22612.
- HISCOS SA (Poliza de Seguro), por un importe total de 196,65 €, con cargo á partida 334.224.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2024/0116**

Mediante Resolución, do 14 de setembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, foi concedida ao Concello de Vilagarcía de Arousa subvención por importe de 2.490.852,00€, ao amparo do Real Decreto 1073/2021, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Tal e como establece a Resolución, as 10 actuacións subvencionadas encádranse dentro de 4 eixos programáticos, de acordo coa proposta do Concello de Vilagarcía de Arousa. No eixo 4 (Competitividade) inclúense 3 actuacións, que contan cun importe total subvencionado de 1.254.193,20 € con cargo á referida axuda. Establécese unha cantidade de 40.000 euros para a actuación "Acondicionamento de aparcadoiros disuasorios en colaboración co sector"; 99.558,00€ para "Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia" e 1.114.635,20€ para a actuación de "Acondicionamento para uso turístico de parcela Ou Ramal".

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de febreiro de 2023, aprobou o proxecto denominado "Acondicionamento de parcela para aparcamento disuasorio na Lomba", redactado polo arquitecto municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 48.383,29€.

Consta no expediente Documento Contable emitido polo Interventor Municipal, con data 21 de decembro de 2023, de Retención de Crédito para as obras recollidas no proxecto de

“Acondicionamento de parcela para aparcamento disuasorio na Lomba”, por un importe de 40.000€.

Visto que o orzamento recolleito no proxecto técnico aprobado é superior á Retención de Crédito da Intervención Municipal e ao importe previsto na desagregación da subvención para a actuación nº 10 do eixo programático 4, cunha diferenza de 8.383,29€ entre estas cantidades.

Tendo en conta que existe a posibilidade de cambiar os importes das actuacións subvencionadas dentro dun mesmo eixo, considérase necesaria unha modificación de tal maneira que na actuación de “Acondicionamento de aparcadoiros disuasorios en colaboración co sector” auméntese ata un total de 48.383,29€, de conformidade con importe establecido no proxecto técnico denominado “Acondicionamento de parcela para aparcamento disuasorio na Lomba”. Os 8.383,29€ que se aumentan se minorarían da actuación “Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia”, que quedaría cun total de 91.174,71€ con cargo á subvención da Secretaría de Estado de Turismo.

De esta maneira pasaríase de esta distribución orixinal dentro do eixe 4 da referida subvención no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia:

	Nº	Nome da actuación	Importe subvencionado	Aplicación orzamentaria
Eixo Competitividade	4: 8	Acondicionamiento de parkings disuasorios en colaboración con sector	40.000€	133-6090018
	9	Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal	1.114.635,20€	133-6090018
	10	Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia	99.558,00€	920-6400018
	Total		1.254.193,20 €	

A unha modificación do importe das actuacións, que no afectaría ao total do eixo da subvención, coa seguinte desagregación:

	Nº	Nome da actuación	Importe subvencionado	Aplicación orzamentaria
Eixo Competitividade	4: 8	Acondicionamiento de parkings disuasorios en colaboración co sector	48.383,29€	133-6090018
	9	Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal	1.114.635,20€	133-6090018
	10	Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia	91.174,71€	920-6400018
	Total		1.254.193,20 €	

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Loal acorda:

A modificación do importe das actuacións incluídas no eixo programático 4 da subvención concedida ao Concello de Vilagarcía de Arousa pola Secretaría de Estado de Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; mobilizando 8.000€ para a actuación de “Acondicionamento de aparcadoiros disuasorios en colaboración co sector”, o que supoñería unha cantidade total de 48.383,29€ (aplicación orzamentaria 133-6090018), que se minoraría da actuación para “Oficina técnica para asesoramento durante o proceso de elaboración, execución e xestión da estratexia”, que quedaría cun importe de 91.174,71€ (aplicación orzaría 920-6400018), con cargo á citada axuda.

### **PRP2024/0121**

A sociedade Arrendamientos Grupo de Empresas Rey, S.L. presentou demanda de xuízo ordinario fronte ao Concello de Vilagarcía de Arousa en relación co contrato de cesión de uso de parcela colindante ao exterior do Hospital do Salnés para aparcamento, que esta mercantil subscribiu co concello.

Pola dirección letrada enténdese necesario, para mellor defensa dos intereses municipais, a redacción de informe pericial, no marco do referido proceso, e posible asistencia e declaración en xuízo. Neste informe debe poñerse de manifesto, entre outros, a situación inicial da parcela e as

obras realizadas pola Administración, sen ningún coste para a demandante, e que supuxeron unha revalorización da parcela que agora se atopa totalmente urbanizada.

Para a realización do precitado informe pericial solicitouse orzamento ao arquitecto técnico, don Jose Manuel Millán Armas, que presentou a seguinte oferta:

Descrición dos traballos	Prezo unitario
Redacción de informe pericial con valoración e entrega de copia en formato dixital	3.000€
Asistencia e declaración en vista (máx. 4 horas)	400€
SUBTOTAL	3400€
I.V.A. 21%	714€
I.R.P.F. -15%	-510€
TOTAL	3.604€

De acordo coa oferta presentada, a redacción do informe pericial levarase a cabo nun prazo de 30 días tras a adxudicación do presente contrato.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar ao arquitecto técnico don Jose Manuel Millán Armas (36095934X) o contrato de servizos de redacción de informe pericial, no marco do procedemento xudicial instado por Arrendamientos Grupo de Empresas Rey, S.L., en relación co contrato de cesión de uso de parcela colindante ao exterior do Hospital do Salnés para aparcamento, por un importe de 3.400,00€ (IVE excluído), con cargo á aptida 920-22799, de conformidade coa súa oferta, con cargo ao orzamento municipal vixente.

### **PRP2024/0123**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 11 de setembro de 2023, adxudicouse o contrato denominado “Reforma do mercado de Vilaxoán” a mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L., sendo formalizado o correspondente contrato administrativo o 18 de setembro de 2023.

Para poder dar comezo as obras foi necesario reubicar as persoas que nestes momentos desenvolven a súa actividade no devandito mercado, aos efectos de poder realizar os traballos coa maior axilidade e seguridade posible, co obxectivo de que estean rematadas dentro dos prazos establecidos.

Por este motivo, alugouse un local comercial, de superficie 211 m<sup>2</sup>, situado na rúa Avelina Nogueira nº 23, con destino á ubicación, temporal, dos comerciantes e placeiros que nestes momentos desenvolven a súa actividade na praza de abastos de Vilaxoán (acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de outubro de 2023).

Ao tratarse dunha actividade que supón o manexo e venda de alimentos é preciso que se tomen tódalas medidas sanitarias que protexan aos comerciantes e consumidores, polo que é necesario a instalación de cámaras frigoríficas e vitrinas de refrixeración, co obxecto de manter os alimentos en perfecto estado.

Visto o que antecede, e a necesidade inaprazable de dotar dos medios e instalacións necesarias, para desenvolver as actividades na praza de abastos, provisional de Vilaxoán, pa Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar, o contrato de subministro, na modalidade de alugueiro, de 2 cámaras frigoríficas e 2 vitrinas de refrixeración, así como a súa instalación en local sito na rúa Nogueira, 23; acondicionado como praza de Abastos provisional de Vilaxoán a D. Isidro Fernández Portas (Iferfrío Refrixeración) 35431020-A, por importe de 9.400.00€ (sen IVE), ao que corresponde un

IVE (21%) de 1.974,00€, o que totaliza un orzamento de adjudicación de 11.374,00€, con cargo á partida 4312.213.

O prazo de duración do contrato é de 4 meses, coincidente co da obra de reforma do mercado de Vilaxoán.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### PRP2024/0187

Dáse conta do expediente de contratación CT 71/2023-e tramitado mediante Procedemento Aberto, tramitación ordinaria, para adjudicar o o contrato mixto de subministro e servizos denominado "Renovación do CPD do Concello de Vilagarcía de Arousa" ao abeiro da orde TER/836/2022, de 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transofrmación e Resiliencia, e se efectúa na convocatoria correspondente a 2022.NEXTGENERATION EU-, e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B62758602 Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.U.

NIF: B15834872 Ozona Tecnologías de la Información, SL

As ofertas técnicas presentadas polos licitadores son as seguintes:

LICITADOR	PREZO OFERTADO SEN IVA	PREZO OFERTADO CON IVA	Incremento da capacidade útil do novo sistema almacenamiento sobre o mínimo esixido (30TB).	Incremento de velocidade (frecuencia do reloxo dos procesadores Intel Xeon 16C) para os tres novos servidores Blade UCS B200 M5, sobre o mínimo esixido (2,4 GHz para cada procesador).	Incremento da memoria principal dos tres novos servidores Blade UCS B200 M5, sobre o mínimo esixido de 6 módulos de 32 GB para cada servidor	Menor tempo de resposta ante unha incidencia crítica	Menor tempo de resposta ante unha incidencia leve
Internacional Periféricos e Memorias España, S.L.U.	189.000,00 €	228.690,00 €	14TB (44 totales)	0,2 GHz (2,6 GHz totales)	2 módulos (total de 8 módulos por cada novo servidor)	1 hora	1 hora
Ozona Tecnologías de la Información, SL	187.000,00 €	226.270,00 €	14 TB	2,6 GHz	2 módulos adicionais por servidor	1 hora	1 hora

Unha vez aplicados, pola mesa de contratación os criterios da valoración previstos no PCAP, o resultado e o seguinte:

LICITADOR	Puntuacion PREZO OFERTADO SEN IVA	Puntuacion: Incremento da capacidade útil do novo sistema almacenamiento sobre o mínimo esixido (30TB).	Puntuacion: Incremento de velocidade do reloxo dos procesadores Intel Xeon 16C) para os tres novos servidores Blade UCS B200 M5, sobre o mínimo esixido (2,4 GHz para cada procesador).	Puntuación: Incremento da memoria principal dos tres novos servidores Blade UCS B200 M5, sobre o mínimo esixido de 6 módulos de 32 GB para cada servidor	Puntuación: Menor tempo de resposta ante unha incidencia crítica	Puntuación Menor tempo de resposta ante unha incidencia leve	TOTAL
Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.U.	12,69	14	8	8	4	2	48,69
Ozona Tecnologías de la Información,	15	14	8	8	4	2	51

SL							
----	--	--	--	--	--	--	--

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orden: 1NIF: B15834872 Ozona Tecnoloxías de la Información, SL Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV: 47

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 98

Orden: 2NIF: B62758602 Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.U.

Total criterios CJV: 34

Total criterios CAF: 48.69

Total puntuación: 82.69

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Adxudicar o contrato mixto denominado CT 71/2023-e "Mixto de Suministro e servizos denominado "Renovación do CPD do Concello de Vilagarcía de Arousa" á mercantil NIF: B15834872 Ozona Tecnoloxías de la Información, SL cun orzamento ofertado de 187.000,00 € correspondéndolle un IVA (21%) de 39.270,00 € o que fai un total de 226.276,00 €, incluíndo as seguintes melloras:

Incremento de la capacidad útil del nuevo sistema almacenamiento sobre el mínimo exigido (30TB) en14 TB.

- Incremento de velocidade (frecuencia de reloj de los procesadores Intel Xeon 16C) para los tres nuevos servidores Blade UCS B200M5 sobre el mínimo exigido (2,4 GHz para cada procesador). Velocidad ofertada: 2.6 GHz
- Incremento de la memoria principal de los tres nuevos servidores Blade UCS B200 M5 mediante el ofrecimiento de 8 módulos de 32GB para cada uno de los nuevos servidores (es decir, 2 módulos adicionales por servidor). Oferta un incremento en la memoria en 2 módulos adicionales por servidor.
- Menor tiempo de respuesta ante una incidencia crítica. Oferta un tiempo de respuesta de 1 hora.
- Menor tiempo de respuesta ante una incidencia leve. Oferta un tiempo de respuesta de 1 hora.

Segundo: Que se requira á empresa NIF: B15834872 Ozona Tecnoloxías de la Información, SL,, para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, presente, a garantía definitiva e a documentación xustificativa de todos aqueles requisitos que non se atopen inscritos en el Rexistro de Licitadores correspondente ou en outros rexistros públicos cúa consulta autorizou o licitador.

### **PRP2024/0197**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro dos materiais e man de obra para a instalación de 4 marquesiñas completas de policarbonato á Empresa Construcciones Metálicas Cuevas SL, por un importe total de 6.614,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 1530.62500, de conformidade co orzamento presentado, nas seguintes localizacións:

- 2 Avda. Rodrigo de Mendoza.
- 1 Avda. da Mariña
- 1 Avda. Rosalia de Castro (inclúe o cambio de 3 pinzas de xuseición de vidro).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.